



## TRÁMITE DE CONSULTAS NO PROCEDIMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA SIMPLIFICADA

Nome do plan: Plan estruturante de ordenación do solo empresarial do polígono industrial de Bértoa fase II, sectores A e B, Carballo  
Promotor: Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS)  
Órgano substantivo: Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda  
Expediente: 2023AAE2761

O 31.01.2023 recibíuse na Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático un escrito co IGVS para iniciar a avaliación ambiental estratéxica simplificada do "Plan estruturante de ordenación do solo empresarial do polígono industrial de Bértoa fase II, sectores A e B, Carballo". Achega un borrador do plan e un documento ambiental estratéxico.

Considerando que:

- 1 A Lei 3/2022, do 18 de outubro, de áreas empresariais de Galicia, integra no procedemento de aprobación dos plans estruturantes de ordenación do solo empresarial o proceso de avaliación ambiental estratéxica previsto na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.
- 2 A Lei 3/2022 establece (artigo 38) que antes de emitir o informe ambiental estratéxico o órgano ambiental consultará ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas, que se pronunciarán no prazo máximo de trinta días hábiles.
- 3 Este órgano ambiental decidiu estender as consultas ao público en xeral co obxecto de favorecer a transparencia na tramitación e a participación cidadá.

ACÓRDASE:

**Someter a consulta pública** na páxina web deste órgano ambiental **por un prazo de trinta días hábiles** o documento ambiental estratéxico e mais o borrador do *Plan estruturante de ordenación do solo empresarial do polígono industrial de Bértoa fase II, sectores A e B*, no concello de Carballo.

No caso de que este órgano ambiental determine que é necesario someter o plan ao procedemento ordinario de avaliación ambiental estratéxica, as observacións e suxestións recibidas serán tidas en conta tamén na elaboración do documento de alcance do estudo ambiental estratéxico (artigo 31.2.a da Lei 21/2013).



As observacións e suxestións poderán ser formuladas por calquera das seguintes canles:

- A través do formulario informático habilitado na web deste órgano ambiental (<https://cmatv.xunta.gal/programas-con-periodo-de-consulta-aberto>).
- A través do correo electrónico: [avaliacion.ambiental.estratexica@xunta.gal](mailto:avaliacion.ambiental.estratexica@xunta.gal)
- Mediante escrito presentado na sede electrónica da Xunta de Galicia ou no rexistro administrativo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, situado en San Lázaro s/n, en Santiago de Compostela.

En calquera dos medios empregados deberá identificarse quen formula as observacións e suxestións (nome da unidade administrativa, ou nome do colectivo, ou nome e apelidos da persoa), facilitando tamén os datos de contacto.

O informe ambiental estratéxico que se formule tras o período de consultas farase público no *Diario Oficial de Galicia* e no portal web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (<https://cmatv.xunta.gal/busca-por-palabra-clave>)

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2023